



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO=

Data inicial de exposición: 03-09-2018

Data final de exposición: 11-09-2018

CONVOCATORIA E BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) PARA O ANO 2018

PRIMEIRA.- OBXECTO

De conformidade coa convocatoria e bases reguladoras da concesión, execución e xustificación de subvencións con cargo á Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) para o ano 2018 (DOG núm. 9, do 12-01-2018), co Decreto da Alcaldía de data 23-05-2018, e a resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 14-08-2018 polo que se concede unha subvención para a selección e contratación laboral temporal de duración determinada, durante un período de 7 meses, a xornada parcial de 28 horas e 8 minutos semanais, para a contratación de vinte persoas (1 Conserxe, 9 Peóns de obras públicas e 10 Peóns limpeza) para a realización de servizos de interese xeral e utilidade social que responden a necesidades urxentes e inaprazables, redáctanse as presentes bases que teñen por obxecto regular a urxente selección definitiva dos citados traballadores e traballadoras de entre as persoas perceptoras de RISGA e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e que figuren na relación de candidatos/as que remita a oficina pública de Emprego do Porriño por mor da oferta presentada por este Concello, no modelo normalizado para efecto, e posterior contratación dos definitivamente seleccionados/as a fin de realizar o servizo de "Acondicionamento e vixianza do espazo público" descrito na solicitude de subvención ao abeiro da citada orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As devanditas contratacións efectuaranse ao abeiro do establecido no artigo 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores, desenvolvido polo R.D. 2720/1998, do 18 de decembro e do Real Decreto-Lei 10/2010.

As retribucións das persoas seleccionadas e contratadas determinarase consonte a táboa retributiva do Anexo I da modificación do Convenio Colectivo das condicións de emprego do persoal laboral do Concello do Porriño, publicada no BOP núm. 246 do 26-12-2013, coas actualizacións legais correspondentes segundo a vixente Lei de orzamentos xerais do Estado.

SEGUNDA.- LÍMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos automaticamente da mesma, as persoas que nun período de trinta meses houberan estado contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 1)
Alcaldesa do Porriño
Data de Sínatura: 29/09/2018
HASH: 999a3a6c5b513faa61015dc73d4c250



Cod. Validación: 7865F5C6GHY95EQHMSYDJU7 | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente mediante a plataforma xarxiana.sedelectronica.es | Páxina 1 de 1



Concello do Porriño

resultar máis de 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais (*que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade*), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, de conformidade co disposto no Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido la Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de trinta meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, haxa existido ou non prestación de servizos polo traballador entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

A) NACIONALIDADE

Ser español/a. (*Acreditarase mediante fotocopia compulsada do DNI*).

Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina a Lei 7/2007, de 12 de abril. (*Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidos para tódolos/as aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe*).

B) DESEMPREGADO/A INSCRITO/A NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA COMO DEMANDANTE NON OCUPADO E QUE ESTEA DISPOÑIBLE PARA O EMPREGO.

Ser persoa desempregada, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados. (*Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina Pública de Emprego do Porriño por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto*).

C) PERSOAS PRECEPTORAS DE RISGA.

Ser persoa titular perceptora de RISGA. (*Este requisito quedará cumprido*

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F6CGHHY9E2QHMSYDJ7 | Corrección: <http://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento emitido, electrónicamente, de acordo co sistema de certificación de Galicia, I. Davina 2 11



Concello do Porriño

se o aspirante figura na relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina Pública de Emprego do Porriño por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto).

D) IDADE

Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. *(Acreditarase de igual forma que o apartado a).*

E) CAPACIDADE FUNCIONAL.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do contrato obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado).*

F) NON HABER SIDO SEPARADO OU INHABILITADO.

Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Grupo Mixto).*

G) NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCAPACIDADE OU INCOMPATIBILIDADE

Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Grupo Mixto).*

H) NON ESTAR COMPRENDIDO EN CAUSA DE ENCADEAMENTO DE CONTRATOS TEMPORAIS

Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base segunda de exclusión automática desta convocatoria. *(Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia compulsada da **certificación ou informe de vida laboral expedida nos meses de agosto ou setembro de 2018** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a de non estar comprendido en causa encadeamento de*

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F65CGHHY9E2QHMSYDJJ7 | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento: 20180401-Administración Pública do Porriño - Convocatoria de Emprazo de Traballo



Concello do Porriño

contratos temporais).

Terán preferencia:

- As persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.
- As persoas maiores de 45 anos.
- As persoas que teñan cargas familiares
- As persoas desempregadas de longa duración.
- As persoas perceptoras da RISGA non beneficiarias deste tipo de contratación durante o ano 2017.
- As persoas perceptoras da RISGA con máis antigüidade.

CUARTA.- SOLICITUDES.

Os/as candidatos/as desempregados, preseleccionados/as pola Oficina de Emprego do Porriño, interesados en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante solicitude, dirixida ó Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño, que presentarán no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases. O prazo de presentación será de **2 días hábiles** (o sábado non é día hábil a estes efectos) dende a publicación das presentes bases no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web www.oporrino.org

A solicitude poderá presentarse nos correspondentes modelos que se acompañan como ANEXO destas bases ou na forma que determina o art. 66 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

A convocatoria e bases publicarase no taboleiro de Edictos e na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño e remitirase unha fotocopia das bases á Oficina de Emprego do Porriño da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ó Centro de emprego municipal deste Concello.

Xunto coa instancia os/as aspirantes achegaran inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldesa ditará resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e se designe o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa publicación na citada páxina web www.oporrino.org de forma complementaria.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F65CGHHYGS9E2QHMSYDJJ7 | Corrección: http://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente. Fecha de emisión: 2016/08/23 10:00:00



Para o caso de que houbera aspirantes excluídos ou omitidos na devandita lista, estes disporán dun prazo de **1 día hábil** contados a partir do seguinte ó da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emenden tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, ou no caso de non haber aspirantes excluídos/as ou omitidos/as, a Alcaldesa ditará nova resolución pola que aprobará a lista, definitiva de aspirantes admitidos/as, e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da valoración dos méritos. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de anuncios deste concello no que tamén se, publicará a resolución das solicitudes de abstención ou recusación se as houbese, sen prexuízo da súa publicación na páxina web www.oporrino.org de forma complementaria.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

De conformidade co disposto no artigo 12 da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm. 9, 12-01-2018) a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do Concello do Porriño que designe a Alcaldesa e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O Grupo mixto publicará a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos Grupo Mixto será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar





Concello do Porriño

parte do Grupo Mixto cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionario/a interino/a e o persoal eventual.

Os membros do Grupo Mixto deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do Grupo Mixto cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do Grupo Mixto terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O Grupo Mixto resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do Grupo Mixto só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Grupo Mixto de selección poderá incorporar asesores especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

SEXTA: SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso.

Valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as. Se algún documento que fora necesario para acreditar algún mérito non fose posible obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base 4ª, poderá aportarse ata o momento de avaliación dos méritos polo tribunal. Esta fase puntuará **ata un máximo 5 puntos**.

a) Por cargas familiares: Este apartado valorarase cun máximo de 2,00 puntos do seguinte xeito:

CARGAS FAMILIARES EN 1º GRAO DE PARENTESCO	PUNTUACIÓN
Por familia monoparental	0,50
Por fillo/a menor de 18 anos e menores en acollemento	0,50

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F65CGHHY9E2QHMSYDJJ7 | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente desde el plataforma vasconga eS.B. 11/2010 6 11



Por cada convivinte con discapacidade igual ou superior ao 33%	0,50
Por título de familia numerosa	0,40
Por título de familia numerosa especial	0,60

Acreditarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do libro de familia ou documento equivalente, orixinal ou fotocopia compulsada da resolución de acollemento e certificado de convivencia expedido polo Concello nos meses de agosto ou setembro de 2018, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

No caso de convivinte con discapacidade deberá xustificarse achegando orixinal ou fotocopia compulsada do certificado do organismo oficial competente que acredite a mesma e a súa porcentaxe.

No caso de familia numerosa, achegarse orixinal ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa en vigor.

b) Por ser maior de 45 anos: 0,50 puntos. (*Acreditarase mediante fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou outro documento equivalente vixente que acredite a idade*).

c) Por ter asociado un proxecto de inserción laboral: 0,50 puntos.

d) Por ser parado de longa duración: ata 1 punto.

- Antigüidade superior a 12 meses: 0,50 puntos.
- Por cada 3 meses a partir dos 12 meses: 0,10 puntos cada 3 meses (ata un máximo de 0,50 puntos).

Acreditarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada de certificado de períodos de inscrición emitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

e) Pola antigüidade de ser perceptor/a de Risga. Este apartado valorarase cun máximo de 1,00 punto, do seguinte xeito:

- Por cada 12 meses de antigüidade: 0,15 puntos cada 12 meses (ata un máximo de 1,00 punto).

SÉTIMA: CUALIFICACIÓN

Realizada a valoración do concurso o Grupo Mixto coas puntuacións obtidas elaborará cadansúa lista cos aspirantes por orde de puntuación obtida pola media aritmética das puntuacións obtidas na fase de concurso para cada contratación e formulará á Sra. Alcaldesa cadansúa proposta de contratación cos/as aspirantes que obteñan as maiores puntuacións.





Concello do Porriño

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que acadara a maior puntuación segundo a orde que se establece no cadro seguinte:

ORDE PARA O DESEMPATE	MAIOR PUNTUACIÓN OBTIDA	
	APARTADOS	CIRCUNSTACIAS PERSOAIS E/OU FAMILIARES
1º	a)	Por cargas familiares
2º	b)	Por ser maior de 45 anos
3º	c)	Por ter asociado un proxecto de inserción laboral

No caso de que persista o empate, resolverase por sorteo.

As puntuacións e propostas do Grupo Mixto faranse públicas no Taboleiro de Edictos do Concello, sen prexuízo da súa publicación na páxina web www.oporrino.org de forma complementaria.

OITAVA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Alcaldía á vista das propostas do Grupo Mixto e unha vez xustificadas os requisitos esixidos, resolverá.

Os/As aspirantes propostos/as, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, antes da formalización do contrato, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade.

En cadanseu contrato deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ó persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non os puideran formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizados foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que os contratados non puideran cumprir o contrato a Alcaldesa poderá formalizar un novo contrato polo

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F65CGHHYG9E2QHMSYDJJ7 | Corrección: <http://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento electrónico emitido desde a plataforma uefina.ecb.him.1.Dávila P. a 11



Concello do Porriño

tempo restante co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto poida exceder de doce meses.

Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar a outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que falte para que remate o período de subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

No suposto de baixas temporais por maternidade ou por outras causas que se preveza que sexan de longa duración superior a 30 días, a substitución só será posible logo de autorización expresa da xefatura territorial correspondente por solicitude fundamentada da entidade contratante.

A nova contratación deberá cumprir os requisitos esixidos na orde de convocatoria os requisitos esixidos na orde de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas, agás que o contrato teña unha duración de 7 meses, e deberá ser notificada á xefatura territorial, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación. Na notificación a entidade beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos:

- a) Parte de baixa na Seguridade Social da persoa substituída (orixinal ou copia compulsada ou cotexada).
- b) Parte de alta na Seguridade Social e contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social da persoa substituta (orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas).
- c) Orixinal do certificado de selección da persoa substituta, no modelo publicado na web institucional da Xunta de Galicia, agás que se trate dunha candidata que quedase en lista de espera na primeira selección e continúe en desemprego e sexa perceptora da Risga no momento de formalizar a contratación.
- d) Orixinal do documento de información da subvención, en que conste o recibín da persoa traballadora.

Tanto no caso de extinción como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoas substituta deberá levarse a cabo logo de solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, salvo que se trate de persoas candidatas remitidas por este na oferta inicial e cumpran a condición de demandante de emprego inscrita e desempregada e perceptora da Risga no momento da súa contratación.

De non producirse a substitución ou cando, aínda producíndose, a suma dos distintos períodos de contratación referidos a este posto de traballo sexa inferior ao período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, reducirase a subvención concedida polo importe correspondente. En ningún caso se poderá producir un incremento da

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R6SF5CCGHY99E2QHMSYDJ7 | Corrección: <http://oporrino.sectorelectronica.gal/>
Documento electrónico emitido por el sistema de información de Galicia, I.D. Galicia, S. 11



Concello do Porriño

subvención concedida e a entidade beneficiaria deberase facer cargo dos sobrecostos que estas substitucións comporten.

NOVENA.- INCIDENCIAS

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F65CGHHYG9E2QHMSYDJJ7 | Corrección: <http://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento assinado eletronicamente desde a plataforma uefinao eob.tico.18/avna 10 2 11



Concello do Porriño

ANEXO (MODELO DE SOLICITUDE)

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE **PERSONAL**, A TEMPO PARCIAL, PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO: "**ACONDICIONAMENTO E VIXIANZA DO ESPAZO PÚBLICO**". (Ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) para o ano 2018 (DOG núm. 9, do 12-01-18).

D./Dna., con data de nacemento....., con D.N.I. núm..... e con domicilio en..... código postal Concello (teléfono), ante a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño,

EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:

- a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso, para contratacións laboral temporal de persoal, a xornada parcial de 28 horas e 8 minutos semanais, durante un período de 7 meses, mediante a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado de interese social para a realización do servizo indicado.
- b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que rexen o citado proceso de selección.
- c) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:

- Fotocopia debidamente compulsada do DNI ou tarxeta para os que non teñan nacionalidade española.
- Declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base **3ª**, apartados **E), F), G), H)**.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da **certificación ou informe de vida laboral expedida en agosto ou setembro de 2018** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación xustificativa dos méritos que aleguen acreditados conforme se establece na **base sexta** das Bases que rexen o proceso selectivo.

Por todo o exposto,

SOLICITA: Ser admitido/a ó devandito procedemento de selección de:

- 1 CONSERXE**
- 9 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS**
- 10 PEÓNS DE LIMPEZA**

O Porriño, a de de 2018

Asdo.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 7R65F65CGHHYGE20HMSYDUJ7 | Corrección: http://oporrino.sedelectronica.gal/ Documento firmado electrónicamente desde el portal de infor.gal | Documento firmado electrónicamente desde el portal de infor.gal | Documento firmado electrónicamente desde el portal de infor.gal | Documento firmado electrónicamente desde el portal de infor.gal